

Santiago, 5 de maio de 2022

Na reunión da Mesa Sectorial de hoxe, tratouse a **Orde pola que se aproba o calendario escolar** para o curso 2022-2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando fai un ano se nos propuxo o cambio de calendario, o **cambio das probas extraordinarias de setembro para xuño**, nós non estivemos de acordo co cambio e así o expuxemos. Xa nos temíamos que detrás dese cambio iba vir unha ampliación de días lectivos. Reunións e planificación de cara ao inicio do curso seguinte que vai haber que levar a cabo en xullo. Coa orde que agora se nos presenta, vemos que non estabamos desencamiñados nas nosas previsións.

Antes de abordar o calendario do vindeiro curso, comezamos por transmitir a preocupación dos docentes en canto aos cambios que houbo xa neste curso. En Secundaria a maior preocupación céntrase no remate do curso actual coas probas extraordinarias e coa planificación para o alumnado que teña todas as materias superadas na avaliación ordinaria.

Ante estas reflexións, a Administración resposta que confía no bo facer do profesorado as cousas e que saberá como facer co alumnado que necesite ben completar ou reforzar competencias. Confirman ademais que todo esto si que nos levará a traballar en xullo, pero que con iso non se estará facendo nada novo.

Como críticas xerais á Orde de calendario plantexamos ademais as seguintes dificultades que nos anticipan claustros de diferentes etapas e ensinanzas:

No caso das **Escolas Oficiais de Idiomas**, este ano pasaron a xuño as probas de clasificación. Isto consegue restar alumnado, xa que os adultos con vida laboral e familiar deciden as actividades que van realizar durante o curso escolar en setembro e non en xuño. Isto vai prexudicar seriamente o volume de estudantes. Ademais, teñen un prazo de matrícula aberto ata o 7 de setembro, e se as clases comezan o 8 de setembro hai que validar as matrículas manualmente, e comprobalas, vai haber moito caos burocrático, a xente vai comezar as clases sen ter as matrículas validadas, sen ter a documentación correcta, cada ano aparecen matrículas erróneas porque os alumnos se matricularon onde non debían. Unha vez rematado o prazo de matrícula é necesario revisar as inscricións, e non hai días para tal efecto porque as clases comezan de inmediato.

No caso dos **CMUS**, tendo en conta as esixencias do calendario habitual en función das datas que marca a orde, habería departamentos, como por exemplo para o Departamento de Teclado e piano de acompañamento, cunha marxe totalmente insuficiente para preparar o inicio do curso.

A pregunta que máis nos repiten os docentes de todas as etapas é se será esta unha forma encuberta de poñer o mes de xullo? Temos constancia de que este tema xa se comentou dende Inspección nalgúns centros, plantexando que se non tiñan marxe suficiente en setembro a solución pasaba por actualizar todos os currículos, xestión de reunións, trámites e ter todo listo en xullo para comezar rapidamente en setembro.

En canto ó articulado da Orde propoñemos as seguintes correccións:

Art. 4.2. “As direccións remitirán as **programacións didácticas** á Inspección educativa, antes do día 20 de setembro”... O curso pasado pedíanse para o día 25, cal é a razón deste recorte de 5 días? Se o profesorado se adica as reunións, aulas, expedientes, familias, non queda oco para a elaboración das programacións. Ademais demandamos formación dentro do horario lectivo para aprender a utilizar o novo **aplicativo informático** que a día de hoxe os docentes afectados descoñecen. [A Administración indica que o propio artigo prevé unha flexibilidade para os cursos impares debido ás circunstancias deste curso. Con respecto á aplicación informática, semellante á que utilizan en formación profesional, ten vantaxes porque só consiste en marcar ítems e ten que redactar só en dous apartados relacionados coa metodoloxía e a avaliación. Sen embargo si vai ofertar formación para os docentes, comezando por infantil e primaria.](#)

Artigo 4.4 “os centros docentes ... poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa de **infantil**”. Reiteramos que non é de recibo deixar nas mans dos centros a decisión de ofrecer ou non un periodo de adaptación. Isto podería levar a presións das familias e comparacións entre centros que non ocorren cando a escolla parte da Consellería. Cando expresa “garantindo, en todo caso, a atención a tempo completo do alumnado cuxas familias ou representantes así o soliciten”. **Nos centros de ensino non poden primar as necesidades de conciliación sobre as pedagóxicas.** [A Administración insiste en que, dado que ás familias se lles supón un interese no ben do menor, non se pode condicionar o periodo de adaptación á decisión do docente.](#)

Artigo 12.5 sobre o **horario do profesorado** “non poderá supor variación do número global de horas semanais” debería incluír “**nin se poderá aumentar o número de xornadas partidas ou os turnos de tarde que xa se tiñan asignados**” porque esas variacións si que afectan á organización da vida dos docentes. Esas mudanzas non se permiten noutros sectores da Administración nin na privada.

En canto ás conmemoracións insistimos en que se fixe unha **data concreta pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia**. Deixar sen fixar a data podería contribuír a que pase desapercibida e non estamos dispostos a dar pasos atrás nese sentido.

VARIOS

Con respecto ó **currículo da ESO e Bacharelato**, insistimos na necesidade de tramitalo canto antes. [A Administración comunícanos que na semana do 16 ao 21, probablemente o 19 se debata en Mesa Sectorial o currículo da ESO.](#)

Con respecto á tardanza en desenvolver o **Real Decreto de especialidades que afectará ó profesorado de FP**, [a Administración comenta que é evidente que lle corresponde ó Ministerio, pero a Administración galega tomará medidas provisionais para garantir as necesidades dos centros.](#)

Chamamentos: volvemos a insistir en que non se borren as vacantes que colgan os centros e se lles envíe o persoal que precisen porque non se está facendo.

Ó respecto da tramitación do **PIALE**: está en proceso de contratación, quedou deserta a primeira convocatoria e estamos esperando á segunda convocatoria.